

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento de datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa:

- A) Maior de 13 anos
- B) Maior de 14 anos
- C) Maior de 15 anos
- D) Maior de 16 anos

2. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, sinala cal dos/as seguintes non terá a condición de autoridade sanitaria:

- A) Alcaldes ou alcaldesas
- B) Xerente do hospital
- C) Persoa titular da consellería con competencias en materia de sanidade
- D) Consello da Xunta de Galicia

3. Segundo o Decreto 206/2005, de provisión de plazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, ¿que ocorre se, nun proceso de selección fixa, trala publicación da relación de aspirantes seleccionados, un deles, non opta por un destino dos ofertados, no prazo e segundo o procedemento establecido?

- A) Habilitaráselle un novo prazo para poder elixir o seu destino
- B) Adxudicaráselle un dos destinos ofertados que outros aspirantes seleccionados non teñan solicitado
- C) Reservaráselle a súa praza ata a seguinte convocatoria
- D) Non poderá ser nomeado, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións

4. Segundo o Decreto 206/2005, de provisión de plazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinala cal dos seguintes non é requisito para o acceso á promoción interna, nos procesos de selección de persoal estatutario fixo que se convoquen para outras categorías:

- A) Ter un mínimo de dous anos de servizos prestados na categoría á que desexa promocionar
- B) Ter a condición de persoal estatutario fixo doutra categoría de nivel académico igual ou inferior ao daquela á que se pretende acceder
- C) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde
- D) Ter nomeamento como persoal estatutario fixo durante, polo menos, dous anos na categoría de procedencia

5. Segundo o establecido na Lei Xeral de Sanidade, indique o organismo que acreditará os servizos de referencia, aos que poderán acceder tódolos usuarios do Sistema Nacional de Saúde, unha vez rematadas as posibilidades de diagnóstico e tratamento dos servizos especializados da Comunidade Autónoma onde residan:

- A) O Ministerio de Sanidade
- B) O Consello de Ministros
- C) O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde
- D) A Consellería de Sanidade da Comunidade Autónoma na que residan

6. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, a potestade legislativa corresponde ao Parlamento de Galicia e esta función:

- A) Non poderá ser delegada en ningún caso
- B) Só poderá ser delegada, cos requisitos legais, no Presidente da Xunta de Galicia
- C) Só poderá ser delegada, cos requisitos legais, na Xunta de Galicia
- D) Só poderá ser delegada, cos requisitos legais, nas Cortes Xerais

7. Segundo a lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, a función de vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais corresponde a:

- A) Inspección de Traballo e Seguridade Social
- B) Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo
- C) Instituto Español de Prevención de Riscos Laborais
- D) Inspección Nacional de Prevención de Riscos Laborais

8. Segundo o Estatuto Marco, sinale cal das seguintes opcións é falsa, respecto da situación de suspensión de funcións:

- A) O persoal declarado na situación de suspensión firme quedará privado durante o tempo de permanencia na mesma do exercicio das súas funcións e de todos os dereitos inherentes á súa condición
- B) A suspensión firme determinará a perda do posto de traballo cando exceda de seis meses
- C) A suspensión firme imporase en virtude de sentenza ditada en causa criminal ou en virtude de sanción disciplinaria
- D) O persoal declarado na situación de suspensión firme de funcións poderá prestar servizos noutra administración pública distinta á que lle impuxo a sanción

9. Segundo a Constitución Española, non forma parte dos fundamentos da orde política e da paz social:

- A) A seguridade da persoa
- B) A seguridade xurídica
- C) O respecto á lei e aos dereitos dos demais
- D) O libre desenvolvemento da personalidade

10. Segundo o Estatuto Marco, sinale cal das seguintes materias queda excluída da obriga de negociación entre a Administración e as Organizacións Sindicais:

- A) A determinación e aplicación das retribucións do persoal estatutario
- B) A regulación da xornada laboral, tempo de traballo e réxime de descansos
- C) As decisións do servizo de saúde que afecten ao procedemento de formación dos actos e disposicións administrativas
- D) Os sistemas de carreira profesional

1. Respecto do acceso á historia clínica, segundo o establecido na Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, sinala cal das seguintes afirmacións é falsa:

- A) O paciente ten o dereito de acceso á documentación da historia clínica e a obter copia dos datos que figuran na mesma
- B) Os órganos competentes para tramitar e resolver os procedementos de responsabilidade patrimonial polo funcionamento da administración sanitaria terán dereito de acceso á documentación da historia clínica
- C) Estará permitido o acceso á historia clínica completa aos familiares do paciente, calquera que sexa a súa relación de parentesco
- D) O acceso á historia clínica con fins xudiciais, epidemiolóxicos, de saúde pública, de investigación ou docencia obriga a reservar os datos de identificación persoal do paciente, de modo que quede asegurado o seu anonimato

2. Sinala cal das seguintes opcións é verdadeira, sobre as pagas extraordinarias, segundo o establecido no Estatuto Marco:

- A) Serán tres ao ano
- B) Devengarase preferentemente nos meses de marzo, setembro e decembro
- C) O importe de cada unha delas será, como máximo, unha mensualidade do soldo
- D) Ao importe de cada unha, engadiráselle a catorceava parte do importe anual do complemento de destino

